- *2º.- A parcela na que se ubica o inmovible da frente a un vial dependente da Diputación Provincial, se ben tendo en conta o apartado 2.2 da instrución 1/1998 de 24 de xullo, sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, publicada no D.O.G de 25/09/1998, en donde se manifesta que o solo de núcleo rural pode considerarse equivalente ao solo urbán e efectos do seu réxime xurídico básico, a concesión da licenza é de competencia municipal.*
- *Considerando que según establece o artigo 7 da Lei 8/2013 do 25 de xullo, de Carreteras de Galicia en relación co desposto nos artigos 37 e 38.4.e do mesmo texto legal, e tendo en conta que o vixente P.X.O.M en vigor, foi sometido a informe da Deputación Provincial, non é preciso informe de dito organismo.*
- *3º.-Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3.3 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta e fachada.*
- *4º. -As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentastes da cuberta.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación. (LOUG).*
- *A cuberta deberá ser de pizarra.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 10.397,53€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 207,95€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.8) SOLICITUDE DE D. SIMÓN COCINA VALELLA RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE PECHER DE PARCELA EN FONTAINA Nº 5.-SUMOAS.-XOVE

Vista solicitude formulada por D. Simón Cocina Valella con D.N.I nº: 33.837.355-P con domicilio en C/ Otero Pedrayo, 3 3º C (27850 Viveiro), para realización de obras de construción dun muro de peche de parcela en Fontaina Nº 5.-Sumoas.-Xove . Referencia Catastral : 27025A011001360000JX

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa Colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NÚCLEO RURAL ZONA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo rural de Fontaiña-Sumoas*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUG para o peche que se pretende levar a cabo.*
- *O peche que se pretende executar estará en consonancia cos tradicionais existentes no núcleo rural.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Cando o peche ou vallado de fincas sexan de elementos opacos ou de fábrica terán unha altura máxima de 1,00 metro, podendo rebasarse esta altura ata 1,50 metros con materiais diáfanos, acordes aos existentes no núcleo, así como con peches vexetais.(Artigo 290 do P.X.O.M). Este muro non poderá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.*
- *As obras que se solicitan, respetarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais adaptándose as prescricións municipais.*
- *O inmovible atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, do núcleo de Sumoas, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar nomeados con números: BIC nº 12 BIC nº 32, Bic nº33 e BIC nº 90 dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar.*
- *Se ben as obras que se pretenden non varían a configuración dos inmovibles existentes no entorno, de acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas*

disposicións contidas na Lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.

- *Na data 16 de xuño de 2015 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 1.271, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 20533 con cumprimento das seguintes condicións:*
- *O novo muro executarase en cachotería de pedra granítica segundo as técnicas, materiais e estereotomía tradicional do lugar. -O muro deberá ser continuo e uniforme en todo o seu desenvolvemento; é dicir, non poderá ter pilastras nin colocarse albardillas a mode de remate de muro.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispor do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*
- *A resultas do exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a solicitud presentada, nas condicións antes apuntadas.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 5.296.29€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 105,93 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C.)CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D.^a ANA MARIA ABAD LOPEZ DE VADO PERMANENTE EN C/AVENIDA DIPUTACION 31 (XOVE)

Vista solicitud formulada por D^a Ana María Abad López con D.N.I. nº: 33.992.521-Q con domicilio en c/Avda. Diputación, 29 (27870 Xove) que solicita un vado permanente para entrada de vehículos en Avda. Diputación, 31 (27870 Xove) con unha anchura de 3 metros, a Xunta de Goberno Local por tres votos a favor e a abstención da interesada, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado de 3 metros en Avda. Diputación, 31 Xove.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.2) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero, 35 – 2ºA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade , **dende os períodos de 17/12/2014 a 16/6/2015**, iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^a JULIA PENABAD RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Julia Penabad Rodríguez con D.N.I. nº 33.833.849-K , con domicilio en Poceiras, 18 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARÍA IMELDA BAÑO LOUZAO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a M^a Imelda Baño Louzao con D.N.I. nº 76.564.099-C , con domicilio en C/ Tomás Mariño Pardo, 8 2º A (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D^a YOLANDA LOPEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Yolanda López López con D.N.I. nº 33.994.312-J , con domicilio en C/ Acceso Apeadero, 18 3º D (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00 €.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a HERMITAS MEITIN INSUA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Hermitas Meitin Insua con D.N.I. nº 76.564.089-X, con domicilio en Poceiras, 19 (27878 Sumoas) por morte de unha vaca de 11 anos de idade, por importe de 200,00 €.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D^a M^a LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q , con domicilio en c/Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de un touro de casi 14 anos, por importe de 200,00 €.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D^a M^a LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q , con domicilio en c/Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.9)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE D. ANTONIO MARTIN GONZÁLEZ PARA ATILANO QUINTAS PEÑA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Antonio Martín González López C/ Cantarrana, 13 Entrechán Esq. (27861 Covas Viveiro)	Atilano Quintas Peña Cruceiro, 38 (27877 Xuances)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.10)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE HOSTAL AS RODAS 2010 SSL PARA SILVERIO MANUEL RAMADA RODRIGUES.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Hostal As Rodas 2010 SLL Avda. Becerreá 16 6º e (27600 Sarria Lugo)	Silverio Manuel Ramada Rodríguez Agrupación Escolar, 19 3º D (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.11) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A VIVIANE FERREIRA COMO EMPRESARIA AUTONOMA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ós exercizos de 2013/ 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome da perceptora	Actividade	Períodos	Contía
---------------------------	-------------------	-----------------	---------------

Viviane Ferreira Alves Camiño Real 20 4º B (27870 Xove)	Cafetería Pizzería	Maiο 2013- dec 2014	3.500 €
---	--------------------	---------------------	---------

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.12) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE D. ROBERTO RODRIGUEZ ROSADO NO PLAN DE EMPREGO COMO AUTÓNOMO E LIBRAMENTO DE AXUDA.

Vista da solicitude formulada por D. Roberto Antonio Rodríguez Rosado, con D.N.I. nº 34.880.995-T con domicilio en Ceranzos, 48 (27877 Xuances) para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego.

Visto o informe emitido polo Departamento de Emprego, que se transcribe íntegramente:

- *MOTIVO DO INFORME: Informar á Xunta de Goberno Local o estado do Expediente de PEM.*
- *DESTINO: Xunta de Goberno Local.*
- *DESCRICIÓN: Don ROBERTO RODRÍGUEZ ROSADO indica que causou alta no Réxime Especial de Autónomos con data de 01/07/2014 para desenvolver a actividade de INXEÑERÍA INDUSTRIAL con enderezo no municipio de Xove e solicitou inclusión no PEM 2014.*

-Con data de 22 de xullo de 2014 denégouse a inclusión no PEM visto o informe elaborado polo Servizo de Vixilancia Municipal que indicaba que a súa residencia efectiva non se atopaba no Municipio de Xove dende facía como mínimo seis meses.

-Con data de 27/10/2014 presentou Recurso de Reposición ao respecto e foi estimado con data de 11/11/2014 e foi trasladado o expediente ao Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local para continuar coa tramitación do mesmo.

-Con data de 18/02/2015 requíriuse ao solicitante emenda de expediente indicándolle a documentación que debía aportar no prazo establecido.

-Con data de 06/03/2015 o solicitante presentou certa documentación requirida, pero esta seguía sendo incompleta ou errónea, polo que se lle efectuou un segundo requirimento.

-Á data de hoxe o solicitante non fixo entrega de toda a documentación requirida, polo que se emite un informe coa documentación obrante.

-Don ROBERTO RODRÍGUEZ ROSADO solicita ademais o libramento de axuda do PEM.

OBSERVACIÓNS:

-A Modalidade de Autoemprego do Plan de Emprego Municipal naceu con tres obxectivos fundamentais, a saber: incrementar o número de novas iniciativas empresariais viables desenvolvidas no municipio, disminuir o desemprego municipal e fixar poboación ao municipio.

-As bases reguladoras do PEM 2014 establecen que a instrución do procedemento do plan corresponderá ao Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias ou requirirá canta documentación adicional precise, para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

-A capítulo III, base primeira, punto seis do PEM AUTOEMPREGO establece como requisito que a actividade se dea de alta con enderezo no IAE no municipio de Xove. O solicitante non achega o documento de Alta no Imposto de Actividades Económicas efectuada o 01/10/2013, entrega un documento de variación realizada o 01/07/2014 motivada por unha modificación de datos relativos a actividade económicas e locais.

-O certificado de Censo de Actividades Económicas da AEAT emitido o 05/03/2015 reflicte como domicilio fiscal o seguinte enderezo: R/Sierra Bermeja s/n Portal 40, Planta 1, Porta C, 28018 Madrid.

-O proxecto empresarial aportado polo solicitante indica como local do negocio un local de 80 m2 que é a súa vivenda habitual e que é un local autorizado.

-O certificado de Secretaría Municipal emitido o 02/06/2015 indica que o solicitante non ten concedida nin tan sequera solicitada licenza nin comunicado mediante declaración responsable o inicio de actividade profesional ningunha a desenvolver no inmovible ubicado en Ceranzos 68, Xuances.

-O Informe do Servizo Municipal de Vixilancia emitido o 02/06/2015 indica que despois de persoarse no enderezo Ceranzos 68, Xuances, neste enderezo non se desenvolve ningunha actividade profesional nin reside persoa algunha.

-O proxecto empresarial aportado polo solicitante reflicte unha inversión de 1.500 euros para o concepto de acondicionamento de local, da cal non existe constancia nas oficinas municipais, relativa ás correspondentes licenzas.

-O proxecto empresarial aportado polo solicitante reflicte unha inversión de 1.500 euros para o concepto de adquisición de elementos de transporte, da cal non existe constancia nas oficinas municipais, relativa aos correspondentes impostos.

-O proxecto empresarial aportado polo solicitante non xustifica a viabilidade do mesmo, xa que non se aclara cal é o mercado en que actúa a empresa, a clientela e as súas características e os principais competidores, puntos todos eles fundamentais á hora de xustificar a viabilidade dunha nova actividade empresarial.

-A tarxeta de demandante de emprego que entrega o solicitante non acredita que fose un desempregado do municipio, xa que nese caso debería estar inscrito na Oficina Pública de Emprego de Burela (aporta un xustificante de demanda de emprego da Comunidad de Madrid), que sería a que lle correspondería no caso de ser un desempregado de Xove, por ese motivo a súa alta nunha actividade económica e no Réxime de Autónomos ou similar non supón a redución do número de desempregados do municipio. A este respecto tamén se pediu aclaración no requirimento de emenda de expediente efectuado con data de 24/03/2015, relativa ao motivo de atoparse en situación de desemprego con data de 26/03/2014 estando en alta no Imposto de Actividades Económicas desde o 01/10/2013, que non foi respondida.

-A base quinta do PEM establece o período mínimo de alta na S.S. de doce meses. A este respecto, o procedemento seguido é o seguinte: 1º.- Concesión da subvención; 2º.- Permanencia de doce meses na Seguridade Social ou similar; 3º.- Solicitud de libramento segundo o establecido nas bases.

DIAGNÓSTICO: *Coa documentación aportada obsérvase o incumprimento das bases PRIMEIRA e QUINTA do CAPÍTULO III de Normas específicas para a liña de axuda de autoemprego.*

PRONÓSTICO: *Non procede a inclusión no PEM-AUTOEMPREGO nin o libramento da axuda.*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) Denegar a solicitud de inclusión no Plan de Emprego Municipal, así como o libramento de axuda polo mesmo en base ó informe emitido polo Departamento de Emprego a causa do **incumprimento das bases primeira e quinta** do Capítulo III de normas específicas para a Liña de Axuda de Autoemprego.
- 3º) A notificación do acordo adoptado ó solicitante, os efectos oportunos.

D.13) SOLICITUDE DA COMUNIDADE VECINAL DE MONTES EN MANO COMUN DE LAXAMOURA DE SUBVENCIÓN PARA FEIRA DE GANDO 2015.

Visto a solicitud da Comunidade Vecinal de Montes en Mano Común de Laxamoura, con CIF V-27106988 e domicilio a efectos de notificación en Loureiro, 5 (27879 Monte).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000€ a Feira de Gando do 24 de agosto de 2015.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude

da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.14) ACORDO RELATIVO Á CONCESION BECAS E AXUDAS O ESTUDIO, CORRESPONDENTES O CURSO 2014-2015. (AXUDAS DE TRANSPORTE E COMEDOR)

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Traballadora Social relativo as solicitudes formuladas en relación a becas e axudas ó estudo, nos apartados 5 e 6 da convocatoria en referencia ás axudas para transporte e comedor.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido, **condicionado o libramento das mesmas a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade**, sen o cal non se poderá efectuar este libramento.

	<i>NOME</i>	<i>TIPO</i>	<i>IMPORTE</i>
1	Celia Cora Pardiño	Transporte	300,00 €
2	Javier García Pardo	Transporte	300,00 €
3	David Quelle Sanjuan	Transporte-comedor	540,00 €
4	Melida Sanjuan Parapar	Transporte-comedor	540,00 €

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.